



CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 28 DE MARZO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e oito de marzo dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Jesús Vázquez García
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Antonia M.^a Sanjurjo Seijas (voceira)
D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle
D.^a Isabel Prado Gómez
D. Alberto Feijoo Rodríguez
D. Fernando Abruñedo Fernández

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Antón Sánchez García (voceiro)
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “CANALIZACIÓN DE AGUAS PLUVIALES DESDE CARRIO HASTA COVAS (BERGONDO)”, INCLUÍDO NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

2.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO 2011, E DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010 PARA O PAGO DAS OBRIGAS.

3.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA 113/2012 DE 12 DE MARZO, EN RELACIÓN Á ANULACIÓN DAS OBRIGAS RECOÑECIDAS E CONTABILIZADAS NOS EXERCICIOS 2002, 2003 E 2010.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO “CANALIZACIÓN DE AGUAS PLUVIALES DESDE CARRIO HASTA COVAS (BERGONDO)”, INCLUIDO NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Con data 30 de decembro de 2011 e núm. 9109 do Rexistro Xeral de Entrada, recibíuse unha Circular da Deputación Provincial da Coruña na que nos comunican, entre outro extremos, que o Pleno desa Deputación aprobou a **modificación das Bases reguladoras do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011**, cuxo texto íntegro publicouse no BOP núm. 121, do 29/06/2010; así mesmo, faise constar que o Concello de Bergondo ten pendente de investir no citado Plan a cantidade de 13.559,51 € e coa finalidade de que a poida esgotar en novos proxectos, “establécese un novo prazo de presentación da documentación esixida nas bases reguladoras do plan, de xeito que a Deputación poida aprobar unha última fase que recolla os investimentos solicitados polos concellos”.*

*Nas Bases modificadas reguladoras do PCC 2008-2011 faise constar que “o orzamento mínimo dos investimentos que poden solicitar os concellos para a súa inclusión no plan fíxase na cantidade de 100.000,00 euros, agás na anualidade 2011, na que o orzamento mínimo sería de 30.000,00 euros para facilitar o esgotamento das cantidades asignadas por este Plan” e “os concellos deberán realizar obrigatoriamente unha **achega municipal** mínima calculada aplicando ó orzamento do proxecto a porcentaxe que lles corresponda” segundo a escala establecida nas Bases modificadas reguladoras do mesmo, e que no caso do Concello de Bergondo, por ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes é do 10%. “Non obstante, os concellos poderán voluntariamente incrementar o importe da súa achega cando sexa preciso para completar o presuposto total do proxecto técnico da obra”.*

Así mesmo, as bases regulan, entre outros, a documentación que deberán presentar os concellos que desexen participar no citado Plan e que é a seguinte: Certificación do acordo plenario municipal segundo o modelo remitido pola Deputación, Informe técnico para cada un dos proxectos presentados, Documento acreditativo das autorizacións administrativas precisas e Documentación técnica consistente en dous exemplares de cada proxecto técnico, co contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público. A data límite de presentación da citada documentación é o 31 de marzo de 2012.

*En consecuencia procedeuse a solicita-la elaboración do proxecto correspondente e a requirir do arquitecto técnico municipal a emisión dun informe sobre o mesmo co fin de **propoñer ó Pleno que, tras o exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:***

Primeiro. Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
“Canalización de Aguas Pluviales desde Carrio hasta Covas (Bergondo)”	31.120,67 €	17.561,16 €	13.559,51 €

Segundo. Aprobar o proxecto técnico citado no apartado primeiro, redactado polo enxeñeiro de camiños don Gilberto Rodríguez Rodríguez, colexiado núm. 8.467.

Terceiro.- Declarar que por este concello estanse a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións que legalmente sexan necesarias.

Cuarto. Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello conta con financiamento dabondo para facer fronte á obra nomeada “Canalización de Aguas Pluviales desde Carrio hasta Covas (Bergondo)”.

Quinto. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do citado investimento.

Sexto. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo. Facultar á alcaldesa para executar todo o relacionado co presente acordo.

Non obstante, o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 19 de marzo de 2012=A alcaldesa =Alejandra Pérez Máquez”

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: como xa explicamos na Comisión Informativa, e se recolle na proposta, como resultas desas baixas do PCC quedábanos unha parte por esgotar e decídese formular esta proposta, que é unha canalización de augas pluviais co fin de aliviar os problemas causados, sobre todo cando hai temporais, na zona de Miodelo.

Seguidamente toma a palabra a Sra. voceira do PP, e manifesta: dúas observacións, a primeira sobre a necesidade do pleno extraordinario co conseguinte custo para os bergondeses, por deixar todo para o ultimo momento como é habitual.

A segunda é que nas bases fálase dunha inversión mínima e que os concellos poden incrementar a súa aportación, entón quero preguntar ¿porque solo ese tramo de obra e esa cantidade mínima de inversión esixida?.

Sra. alcaldesa: expliqueino na Comisión, o noso Anexo de Inversións é bastante axustado neste ano e non nos podiamos permitir acometer un proxecto mais ambicioso; o proxecto mínimo que esixe a Deputación é de trinta mil euros e por iso o proxecto está axustado a esa cantidade, para non perder a achega que lle toca á Deputación.

Sra. voceira do PP: pero con iso non me responde, porque non temos moitos cartos para facer inversións; non sei se os cartos que temos xa están destinados na súa integridade a algo que eu descoñezo.

Sra. alcaldesa: eu remítolle ó Anexo de Inversións e ó apartado referente ó saneamento, con iso dígolle todo porque se non me falla a memoria creo que eran sobre vinte e pouco mil euros, e deses estamos facendo xa agora unha retención de dezasete mil, ó día de hoxe; non é que estean destinados a outra cousa, estoume remitindo ó Orzamento aprobado no seu momento.

Sra. voceira do PP: eu tamén o que digo é que os proxecto de pouco importe son moito mais caros proporcionalmente, entón, igual que se pode solucionar noutros casos se o proxecto interesara habería maneiras de ter mais cartos dispoñibles nesta partida, digo, non o sei, ocorrémese iso co fin de abaratar.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG e di: a nós parécenos ben esta obra, como tamén nos parecería ben calquera doutro tipo; perécenos necesaria como tamén o serían outras, polo tanto esta ímola a apoiar, e no futuro nas que necesiten o noso apoio tamén nos gustaría coñecer un pouco os criterios e prioridades ó elixilas, porque creo que ten que haber unha coherencia en todo o que se faga, o mesmo que se fai a condución de pluviais neste lugar sería igual de interesante arranxar o saneamento en Miodelo, que hai xente que xa pagou o enganche; daquela, queremos saber no futuro porque se escolle unha o outra. Polo demais, é unha obra de poucos cartos, tampouco había moito mais de onde sacar.

Sra. alcaldesa: quero recalcar que nunha Comisión Informativa fixen referencia a este proxecto, que tería que vir a Pleno no mes de marzo, e falei co voceiro do BNG e tamén coa voceira do grupo popular, e había unha memoria que se podía estudar; entendo que, tanto por parte da Alcaldía como por parte do concelleiro de infraestruturas, son quen deben mirar e dar esas alternativas. Como di o voceiro do BNG, tiñamos outra alternativa para Miodelo pero o proxecto era inferior a trinta mil euros e non se axusta, pero esa necesidade haina, e xa que a Memoria esta feita probablemente acometeremos esa obra, se hai baixas, con fondos propios.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB e di: esta obra que traemos hoxe aquí é froito do traballo do día a día, e voulle pregar por última vez ó concelleiro do BNG que, vostede que tanto fala de participación e de que hai que acercarse, gustárame que igual que fan os outros grupos, cando teña dúbidas veña a consultalas. Recórdolle que dende hai nove meses nunca falou con nós e sempre pon en dúbida todo o que se fai.

Cando un ten interese en vez de botar bombas de palenque séntase coa xente e fala; pero ben, nos estamos a traballar e así o demostramos día a día, xa sabemos que a vostede non lle gusta a nosa forma de traballar, pero voulle instar a que, por favor, antes de dicir nunha Cámara que quere cooperación dea vostede un paso.

Sr. voceiro do BNG: cando a nós non nos gusta algo o dicimos, é o noso papel, e cando temos que falar, pola nosa parte podemos estar equivocados, temos unha interlocución normal e cordial coa persoa que en teoría dirixe este goberno, que é a alcaldesa, coa que temos unha relación fluída e a quen lle consultamos todas aquelas cousas das que temos dúbidas. A nosa aptitude é totalmente construtiva. O que si lle aseguro que non lle imos dicir amén a todo; este caso e un bo exemplo diso, xa que imos apoiar o proxecto, nin mais nin menos, e, o mesmo que a min pode non gustarme a súa política, vostede ten o dereito a que non lle guste a nosa, por iso estamos en partidos diferentes, iso é evidente.

Sr. voceiro de VB: prégolle que non mezcle o touciño coa velocidade, o concello está aberto para todos e a interlocución debería ser bidireccional, entendo que fale coa alcaldesa pero sempre pon en dúbida que non temos consenso e non facemos as cousas ben, nas súas manifestacións sempre están con iso, prégolle que use a súa coherencia cando invita á veciñanza a falar co equipo de goberno, que non só é a alcaldesa

Sr. voceiro do BNG: eu, se ela me deriva a algún subordinado, vou, non hai problema.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

2.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO 2011, E DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010 PARA O PAGO DAS OBRIGAS.

Seguidamente dáse conta ós asistentes do expediente relativo á liquidación do Orzamento municipal ordinario correspondente ó exercicio 2011 no que se inclúe, entre outros, o Decreto de Alcaldía 82/2012 de 27 de febreiro polo que se aprobou a referida liquidación, e que transcrito literalmente di:

“A Intervención municipal realizou a Liquidación de Gastos e Ingresos do orzamento municipal deste concello, correspondente ó exercicio de 2011, cumprindo o previsto no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á Liquidación de Gastos e Ingresos do Orzamento deste Concello correspondente ó exercicio de 2011, e que mostra o seguinte resumo:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2011.

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	5.162.630,89	4.816.415,45		
b.- Operacións correntes non financeiras	272.871,09	851.532,23		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	5.435.501,98	5.667.947,68		
2. Activos financeiros	5.555,19	3.650,47		
3. Pasivos financeiros	0,00	104.045,28		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	5.441.057,17	5.775.643,43		-334.586,26
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			684.640,06	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			58.526,26	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			0,00	743.166,32
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				408.580,06

B) ESTADO REMANENTE DE TESOURERIA.

- Fondos líquidos na tesourería 2.022.696,89 euros.
- Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio..... 182.779,98 euros.
- Obrigas pendentes de pago en fin de exercicio..... 547.222,54 euros.
- Remanente Tesourería total.....1.658.254,33 euros.
- Saldos de dubidoso cobro..... 0,00 euros
- Exceso de financiación afectada..... 38.961,31 euros.
- Remanente de Tesourería para gastos xerais.....1.619.293,02 euros.

C) DEREITOS E OBRIGAS PENDENTES EXERCICIO 2011.

- Dereitos pendentes de cobro..... 184.144,10 euros.
- Obrigas pendentes de pago..... 337.084,43 euros.

D) REMANENTES DE CRÉDITO.

- Comprometidos..... 552.402,84 euros.
- Non comprometidos..... 1.149.130,09 euros.

SEGUNDO.- Dar conta ó Pleno Municipal desta liquidación correspondente ó exercicio de 2011 e que se remita copia da mesma á Administración do Estado - Ministerio de Economía y Hacienda, e a Comunidade Autónoma en consonancia co previsto no artigo 193.4 e 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Bergondo, vinte e sete de febreiro dous mil doce.= A Alcaldesa-Presidenta=Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

Así mesmo, dáse conta ós/ás asistentes dos informes trimestrais sobre o cumprimento da Lei de Medidas de loita contra a morosidade, e que estiveron á disposición dos concelleiros da Corporación.

O Pleno queda enterado.

3.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA 113/2012 DE 12 DE MARZO, EN RELACIÓN Á ANULACIÓN DAS OBRIGAS RECOÑECIDAS E CONTABILIZADAS NOS EXERCICIOS 2002, 2003 E 2010.

Dáse conta ós/ás asistentes, do Decreto da Alcaldía núm. 113/2012, de 12 de marzo, en relación á anulación das obrigas recoñecidas e contabilizadas nos exercicios 2002, 2003 e 2010, que transcrito literalmente di:

“O Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago ós provedores das entidades locais, establece que as entidades locais deberán remitir ó órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con data límite o 15 de marzo de 2012, unha relación certificada de todas as obrigas pendentes de pago a 1 de xaneiro de 2012, que sexan líquidas, vencidas e esixibles, permitindo ós contratistas cuxas deudas se atopen nestes certificados, facer efectivo o seu dereito mediante presentación ó cobro nas entidades de crédito. As entidades locais poderán financiar as súas obrigas de pago aboadas mediante a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo.

A contabilidade municipal reflexa tal e como establece o informe de intervención, saldos de obrigas recoñecidas pendentes de pago de exercicios pechados, nas que queda acreditado que houbo un erro na súa contabilización.

Constan así mesmo facturas rexistradas que recollen un dereito de cobro por servizos realizados o Concello nos exercicios 2002 e 2003 e que sobre as mesmas podería operar a figura da prescrición.

Tendo en conta o establecido no informe de intervención, no disposto nas bases de execución do orzamento de 2012, base 31.2 e no artigo 21.1.s) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local RESOLVO:

1) Proceder a anulación das obrigas recoñecidas e contabilizadas nos exercicios 2002, 2003 e 2010, co seguinte detalle:

Nº factura	Importe	Data da factura	Nº rexistro	Data de rexistro	Nº mandam. contable(ADO)	Data do recoñecemento
191	185,00	31/07/2002	4377	13/08/2002	15284	31/12/2002
223	345,00	31/08/2002	4903	16/09/2002	15285	31/12/2002
255	197,00	30/09/2002	5896	31/10/2002	15286	31/12/2002
335	1.170,00	31/12/2002	Non rexistrada		15283	31/12/2002
289	378,00	31/10/2002	6314	18/11/2002	15282	31/12/2002
319	172,00	30/11/2002	7053	26/12/2002	15287	31/12/2002
356	190,00	21/12/2002	Non rexistrada		15278	31/12/2002
47	1.216,99	04/10/2002	5895	31/10/2002	15280	31/12/2002
48	1.120,00	31/07/2002	4381	13/08/2002	15281	31/12/2002
2808431	4.216,00	Non consta	6316	18/11/2002	15279	31/12/2002
57/02	836,59	02/12/2002	6920	17/12/2002	13064	07/11/2003
57/02	2.312,84	02/12/2002	6919	17/12/2002	13063	07/11/2003
-----	923,93	-----	-----	-----	1815	01/03/2010
-----	5.454,92	-----	-----	-----	1816	01/03/2010

Dar conta ós servizos económicos para a súa contabilización.

2) Unha vez depurados os saldos do punto anterior e por aplicación do establecido no artigo 46 do Texto refundido da Lei Xeral orzamentaria (Real decreto legislativo 1091/1988, de 23 de setembro), iniciar expediente de depuración de facturas por entender prescritas as obrigas contraídas, polo transcurso dos

prazos legalmente previstos (cinco anos), sen que conste reclamación de pago por parte dos terceiros, co seguinte detalle:

Terceiro	NIF/CIF	Nº factura	Importe	Data factura	Nº rexistro	Data rexistro
Martín Iglesias Salorio	32132193-C	191	185,00	31/07/2002	4377	13/08/2002
Martín Iglesias Salorio	32132193-C	223	345,00	31/08/2002	4903	16/09/2002
Martín Iglesias Salorio	32132193-C	255	197,00	30/09/2002	5896	31/10/2002
Martín Iglesias Salorio	32132193-C	289	378,00	31/10/2002	6314	18/11/2002
Martín Iglesias Salorio	32132193-C	319	172,00	30/11/2002	7053	26/12/2002
Martín Iglesias Salorio	32132193-C	47	1.216,99	04/10/2002	5895	31/10/2002
Martín Iglesias Salorio	32132193-C	48	1.120,00	31/07/2002	4381	13/08/2002
Martín Iglesias Salorio	32132193-C	2808431	4.216,00	Non consta	6316	18/11/2002
Cooperaciones Administrativas, S.L.	B15571821	57/02	836,59	02/12/2002	6920	17/12/2002
Cooperaciones Administrativas, S.L.	B15571821	57/02	2.312,84	02/12/2002	6919	17/12/2002

Que se proceda á publicación dun edicto no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, para a exposición pública deste expediente de prescrición, para que todos os interesados poidan formular alegacións.

3) Dar conta o Pleno na primeira sesión que se celebre.

Bergondo, 12 de marzo de 2012=A alcaldesa =Asdo. Alejandra Pérez Máquez”

O Pleno queda enterado.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos, remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez